

Resolución do 10 de maio de 2016, pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para a creación, mellora e ampliación de pequenas infraestruturas, mediante proxectos de aforro e eficiencia enerxética na Administración Local, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020

O Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020 (PDR), aprobado por Decisión de Execución da Comisión C (2015)8144, do 18 de novembro de 2015, prevé (na medida 7) actuacións dirixidas á mellora dos Servizos básicos e renovación de poboacións nas zonas rurais. Esas medidas están financiadas, igual que as restantes que integran o PDR, polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), xunto con fondos da Comunidade Autónoma de Galicia e da Administración Xeral do Estado.

Dado que a promoción do desenvolvemento rural galego debe abordarse desde unha perspectiva integral, prevese, dando continuidade á liña de proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia, o apoio a actuacións con fins de aforro enerxético e fomento do uso das enerxías renovables.

O Instituto Enerxético de Galicia (Inega en adiante) é un ente de dereito público creado especificamente mediante a Lei 3/1999, do 11 de marzo, que presta soporte á consellería competente en materia enerxética, e entre cuxas funcións destacan a de incidir na utilización racional da enerxía, así como diversificar as fontes enerxéticas e reducir, na medida do posible, a dependencia exterior.

Neste contexto danse as condicións para que o Inega xestione e tramite as presentes liñas de subvencións, co obxectivo de fomentar o aforro e a eficiencia enerxética na Administración Local.

As subvencións centraranse na submedida 7.2 Creación, mellora e expansión de infraestruturas a pequena escala, incluíndo enerxía renovable e aforro enerxético do PDR 2014-2020.

De acordo co anterior

RESOLVO:

Artigo 1. Obxecto

1. Aprobar as bases reguladoras das subvencións a proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia 2016 para proxectos de aforro e eficiencia enerxética nos edificios da Administración Local e nas instalacións de iluminación pública exterior dependentes desa administración, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, que se xuntan a esta resolución como anexo I.
2. Aprobar os formularios para a xestión da convocatoria do ano 2016 que se xuntan a esta resolución como anexos II a V.
3. Convocar para o ano 2016, en réxime de concorrencia competitiva, as subvencións aos proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia para proxectos de aforro e eficiencia enerxética nos edificios da Administración Local e nas instalacións de iluminación pública exterior dependentes desa administración.

Artigo 2. Financiamento

1. A dotación máxima para financiar esta convocatoria, con cargo a aplicación orzamentaria 09.A2.733A.760.4 (código de proxecto 201600005), é de 3.490.791,87 € que se distribuirá en tres liñas de axuda, destinadas á Administración local, do seguinte xeito:

<i>Código do procedemento</i>	<i>MEDIDA 7.2 Creación, mellora e expansión de infraestruturas a pequena escala, incluíndo enerxía renovable e aforro enerxético</i>	<i>Anualidade 2016</i>
IN417P	Proxectos para a mellora da eficiencia enerxética das instalacións térmicas dos edificios municipais	500.000,00€
	Proxectos para a mellora da eficiencia enerxética das instalacións de iluminación dos edificios municipais	500.000,00€
	Proxectos de aforro e eficiencia enerxética referidos ás instalacións de iluminación pública exterior dependentes dos concellos	2.490.791,87€
	Total	3.490.791,87€

O crédito máximo recollido na táboa anterior poderá ser redistribuído se nalgún dos epígrafes non se rexistran solicitudes suficientes para esgotar os fondos dispoñibles ou a calidade dos proxectos solicitados non alcanza a puntuación mínima esixida.

2. A contía indicada poderá incrementarse en función das solicitudes presentadas e sempre que teña lugar unha xeración, ampliación ou incorporación de crédito ou existan remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa, segundo recolle o artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 30 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de dita lei. O aludido incremento debe publicarse no DOG e na páxina web do Inega (www.inega.es).

3. Este crédito está financiado con fondos propios, ascendendo estes a 1.490.791,87 €, e con fondos do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020, ascendendo estes a 2.000.000,00 € dos cales o 75% proceden Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco da medida 7 “Actuacións dirixidas á mellora dos Servizos básicos e renovación de poboacións nas zonas rurais”, e da submedida 2 “Creación, mellora e expansión de infraestruturas a pequena escala, incluíndo enerxía renovable e aforro enerxético”, un 7,50% procede dos Orzamentos Xerais do Estado e un 17,50% dos Orzamentos da Comunidade Autónoma.

Artigo 3. Prazo para presentar as solicitudes e a documentación

As solicitudes presentaranse segundo o modelo do anexo II desta resolución, xunto coa documentación que se indica nas bases reguladoras. O prazo para presentar as solicitudes será de un (1) mes contado dende o día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG. Se o último día do prazo fose inhábil entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

Artigo 4. Prazo de resolución das solicitudes

O prazo para ditar resolución expresa e notificala aos interesados será de tres (3) meses contados desde o día seguinte a aquel no que remate o prazo de presentación de solicitudes. Se transcorrese o prazo sen que recaese resolución expresa os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo, de conformidade co artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 5. Prazos de execución e xustificación dos investimentos

Os investimentos xustificaranse documentalmente de acordo co disposto nas bases reguladoras. O prazo límite para a execución dos investimentos vinculados aos proxectos subvencionados e para a xustificación dos gastos será o 15 de outubro de 2016. O feito de non xustificar correctamente ditos investimentos derivará en perda do dereito ao cobro da axuda concedida.

Disposicións adicionais

Primeira.- Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, cabe interpor potestativamente recurso de reposición ante o director do Inega, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG, ou recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional competente, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da citada publicación no DOG.

Segunda.-Información aos interesados.

Sobre este procedemento administrativo poderase obter documentación normalizada ou información adicional a través dos seguintes medios:

a) Na páxina web do Inega (www.inega.es).

b) No teléfono 981 541500 (Inega) .

c) Presencialmente, no Inega (rúa Avelino Pousa Antelo, 5. San Lázaro. 15703 Santiago de Compostela), previa cita no teléfono 981 541500.

Disposicións derradeiras

Primeira.- O director do Inega poderá ditar os actos necesarios para asegurar a correcta execución desta convocatoria.

Segunda.- Esta resolución será aplicable dende o día da súa publicación no DOG.

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2016

Ángel Bernardo Tahoces

Director do Instituto Enerxético de Galicia

Anexo I

Bases reguladoras das subvencións para a creación, mellora e ampliación de pequenas infraestruturas, mediante proxectos de aforro e eficiencia enerxética na Administración Local e nas instalacións de iluminación pública exterior dependentes desa administración, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020

Artigo 1. Obxecto

O obxecto destas subvencións é apoiar proxectos de aforro e eficiencia enerxética que se executen en edificios da Administración local e nas instalacións de iluminación pública exterior existentes dependentes desa administración.

Nestas bases regúlase a concesión de ditas subvencións, así como os requisitos e condicións que deben cumprir os proxectos de aforro e eficiencia enerxética para ser subvencionables.

Artigo 2. Requisitos e regras xerais

Todos os proxectos deberán cumprir os requisitos seguintes :

1. Que non estean iniciados na data de presentación da solicitude da axuda. Os solicitantes poderán iniciar a execución do proxecto unha vez presentada a solicitude.
2. Que se desenvolvan nas zonas rurais de Galicia. A definición de zona rural realizarase por eliminación daquelas zonas consideradas densamente poboadas (urbanas) no seu territorio. No caso de Galicia, só teñen esa consideración de zonas urbanas os 7 concellos dos núcleos de poboación máis grandes da comunidade autónoma (A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo, Ferrol e Santiago de Compostela). A Autoridade de xestión, xunto co Instituto Galego de Estatística, perfila as cuadrículas de estudo (1 km²) dentro de cada unha das zonas urbanas a nivel parroquia. As parroquias definidas como rurais ou intermedias serán admisibles para os efectos do fondo Feader.
3. Que sexan finalistas, é dicir, que no momento da certificación final cumpran os obxectivos e funcións para os que foron aprobados.
4. Que sexan viables tecnicamente.
5. Que se axusten á normativa sectorial (comunitaria, estatal e autonómica) en materia enerxética.
6. Que se axusten ás especificacións indicadas nas presentes bases.
7. Que o promotor do proxecto non teña sido sancionado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria pola comisión de infraccións en materia de subvencións no prazo dun ano se a infracción foi cualificada como leve, de dous anos se a infracción foi cualificada como grave ou tres anos se a infracción foi cualificada como moi grave. Os prazos computaranse desde a data de remate do prazo de presentación das solicitudes.
8. O beneficiario no caso de pago indebido quedará obrigado a reembolsar o importe en cuestión, ao que se engadirán, no seu caso, os xuros correspondentes. Non se aplicará a obriga de reembolso se o pago e froito dun erro da autoridade competente ou de outra autoridade sen que o beneficiario puidera detectar razoablemente ese erro (artigo 7.1 e 3 do Regulamento (UE) 809/2014, da Comisión, do 17 de xullo de 2014).

Con carácter xeral, os supostos de retirada total e parcial da axuda e a imposición de sancións administrativas ao beneficiario veñen reguladas no artigo 63 do Regulamento (UE) 809/2014, da Comisión, do 17 de xullo de 2014.

9. O investimento para que a actuación sexa subvencionable deberá superar os 3.000 euros (IVE excluído) .

Artigo 3. Actuacións e conceptos subvencionables

1. Contémplanse tres liñas de subvención en función da tipoloxía do proxecto de aforro e eficiencia enerxética:

- a) Proxectos para a mellora da eficiencia enerxética das instalacións térmicas dos edificios municipais destinadas a atender a demanda de benestar e hixiene das persoas.
- b) Proxectos para a mellora da eficiencia enerxética das instalacións de iluminación dos edificios municipais.
- c) Proxectos para a mellora da eficiencia enerxética das instalacións de iluminación pública exterior dependentes dos concellos.

2. Aos efectos destas bases, considérase proxecto o conxunto de actuacións de cada unha das tipoloxías que un concello leve a cabo nun mesmo emprazamento. Deste xeito cando un concello acometa nun mesmo edificio actuacións para mellorar a eficiencia das instalacións térmicas e das instalacións de iluminación, tratarase como dúas solicitudes de axuda independentes. Do mesmo xeito un concello que actúe en dúas instalacións de iluminación exterior tratarase como dúas solicitudes ao considerarse emprazamentos diferentes.

3. Cada concello poderá presentar unha ou máis solicitudes.

4. Cada solicitude contemplará un único proxecto técnico que pode constar dunha soa actuación ou de varias actuacións homoxéneas executadas nun mesmo emprazamento e que se valorarán de xeito conxunto. Así, considéranse actuacións homoxéneas que se deben contemplar nunha única solicitude as seguintes:

- a. Todas as actuacións para a mellora da eficiencia enerxética das instalacións térmicas que se realicen nun mesmo emprazamento.
- b. Todas as actuacións para a mellora da eficiencia enerxética das instalacións de iluminación interior que se realicen nun mesmo emprazamento.
- c. Todas as actuacións para a renovación de instalacións de iluminación pública exterior existentes que afecten ao mesmo cadro de mando, protección e medida.

3.A) Proxectos para a mellora da eficiencia enerxética das instalacións térmicas nos edificios municipais

1. Estes proxectos incluírán unha ou varias actuacións para renovar e mellorar a eficiencia enerxética das instalacións destinadas a atender a demanda de benestar e hixiene das persoas (calefacción, refrixeración e/ou produción de auga quente sanitaria) que leven asociado un aforro enerxético mínimo do 20%. As modificacións que se realicen deberán cumprir a regulamentación que lles sexa aplicable (RITE,...)

2. Así, poden considerarse actuacións subvencionables:

- a) Substitución ou mellora dos equipos e instalacións consumidoras de enerxía por outros que utilicen tecnoloxía de alta eficiencia ou a mellor tecnoloxía dispoñible.
- b) Substitución de caldeiras por outras máis eficientes.
- c) Substitución de queimadores de caldeiras para cambios de combustible (de gasóleo a gas natural).
- d) Illamento de tubarías en instalacións de climatización para redución de perdas.
- e) Substitución de equipos por outros que utilicen como fonte enerxética a xeotermia, a aerotermia ou a solar térmica (non serán subvencionables os equipos que empreguen a hidrotermia, a biomasa, ou a solar fotovoltaica).
- f) Substitución de equipamentos de movemento dos fluídos caloportadores por outros seleccionados sobre a base dun maior rendemento enerxético.
- g) Sistemas de arrefriamento gratuío por aire exterior e de recuperación de calor do aire de extracción.
- h) Sistemas que combinen equipamentos convencionais con técnicas evaporativas que reduzan o consumo de enerxía da instalación: arrefriamento evaporativo, condensación evaporativa, pre-arrefriamento evaporativo do aire de condensación, arrefriamento evaporativo directo e indirecto previo á recuperación de calor do aire de extracción, etc.
- i) Sistemas de control e regulación de equipamentos e/ou instalacións que aforren enerxía.
- j) Implantación de medidas de xestión enerxética que permitan medir, cuantificar ou optimizar o funcionamento das instalacións térmicas dos edificios.

3.B) Proxectos para a mellora da eficiencia enerxética das instalacións de iluminación nos edificios municipais

1. Estes proxectos incluírán unha ou varias actuacións de mellora da eficiencia enerxética das instalacións de iluminación existentes en edificios municipais que leven asociadas unha redución anual da demanda enerxética de polo menos un 40% respecto ao consumo inicial en iluminación, garantindo un confort da iluminación adecuado para a tarefa que se vai a realizar.

2. As melloras realizadas na instalación poderán acometerse tanto na iluminación interior como na iluminación exterior asociada ao edificio.

3. Poderán considerarse subvencionables as seguintes actuacións:

- a) Substitución de lámpadas
- b) Substitución de balastos convencionais
- c) Renovación das luminarias existentes
- d) Reforma do cadro de mando e protección
- e) Sistemas de regulación e control das instalacións de iluminación (interruptores temporizados, detectores de movemento e presenza, células fotosensibles, reguladores do nivel de iluminación en función da achega de luz natural ou das necesidades...)
- f) Instalación dos equipos de medida ou a implantación de sistemas de xestión enerxética que permitan medir e cuantificar a maior eficiencia enerxética.

3.C) Proxectos para a mellora da eficiencia enerxética das instalacións de iluminación pública exterior dependentes dos concellos

1. Estes proxectos incluírán unha ou varias actuacións de mellora da eficiencia enerxética das instalacións de iluminación pública exterior municipais que leven asociadas unha redución anual do consumo de enerxía de polo menos un 40% respecto ao consumo actual da instalación.

2. Subvencionarase a renovación das instalacións de iluminación vial (funcional e ambiental), aplicando criterios de aforro e eficiencia enerxética, que acaden unha cualificación enerxética A ou B, segundo se establece no Real decreto 1890/2008, do 14 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de eficiencia enerxética en instalacións de iluminación exterior e as súas instrucións técnicas complementarias EA-01 e EA-07 (BOE núm. 279, do 19 de novembro).

3. D) De acordo co establecido no Regulamento (UE) 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro de 2013, considéranse conceptos subvencionables (nos tres tipos de proxectos):

1. A obra civil requirida para a execución das actuacións de mellora da eficiencia,

2. A maquinaria e os bens de equipo, incluídos soportes lóxicos de ordenador, así como outros investimentos materiais e inmateriais necesarios para a execución do proxecto e a súa posta en marcha.
3. Os custos xerais vinculados ao investimento, tales como honorarios de arquitectos e enxeñeiros, incluídos os estudos de viabilidade (estes custos de enxeñería serán subvencionables ata un máximo do 3% do custo elixible máximo da actuación).

Artigo 4. Actuacións e conceptos non subvencionables

1. Só serán subvencionables as actuacións indicadas no artigo anterior. Para evitar dúbidas de interpretación, a continuación indícanse actuacións relacionadas que non son subvencionables:

- a) A rehabilitación da envolvente térmica dos edificios.
- b) As conducións de distribución interior da calor (excepto o seu o illamento no paso por zonas do edificio non climatizadas ou polo exterior) e os equipos emisores, salvo as modificacións de conducións que sexa necesario realizar na sala de caldeiras para conectar os novos equipos á instalación existente.
- c) A substitución de radiadores eléctricos portátiles.
- d) As instalacións que utilicen como combustible biomasa forestal e as instalacións solares que sexan obrigatorias en virtude Documento básico HE 4-Contribución solar mínima de auga quente sanitaria do Código técnico da edificación (CTE)
- e) Os electrodomésticos (frigoríficos, fornos, cociñas, televisores, ordenadores, ...)
- f) Os sistemas de distribución de electricidade non asociados directamente ao aforro enerxético (canalizacións, carrís, ...)
- g) A renovación de equipos de iluminación interior destinados á iluminación de emerxencia, os rótulos luminosos e de sinalización.
- h) Instalacións de iluminación exterior para iluminación específica, ornamental, para vixilancia e seguridade nocturna, sinais e anuncios luminosos e iluminación festiva e de Nadal.
- i) Instalacións de iluminación pública exterior que teñan unha cualificación enerxética igual ou inferior a C.
- j) Instalacións térmicas para o quentamento de auga de piscinas descubertas.
- k) Instalacións en edificios de nova construción

1) En xeral, os proxectos que non cumpran cos requisitos técnicos mínimos esixidos en cada unha das liñas de axuda.

2. Dentro das actuacións incluídas no obxecto da convocatoria non serán subvencionables os seguintes conceptos:

- a) O IVE nos proxectos promovidos polos concellos considerarase, con carácter xeral, non subvencionable. Para aqueles casos nos que o IVE poida ser subvencionable por non ser recuperable conforme a lexislación vixente será preciso comprobar a xustificación por parte dos beneficiarios de non suxeición ou exención do imposto emitida pola AEAT mediante a presentación da documentación oportuna.
- b) Os gastos de funcionamento da actividade subvencionada e material funxible en xeral.
- c) Os gastos anteriores á presentación da solicitude. Non obstante ao anterior, consideraranse conceptos subvencionables os custos correspondentes a actuacións preparatorias da actuación, que sexan necesarios para presentar a solicitude, como poden ser: proxecto, memorias técnicas, certificados, etc., sempre que, en todo caso, estas actuacións se realizaran con data posterior á data de entrada en vigor da presente convocatoria.
- d) A reposición ou mera substitución de equipamentos existentes. A estes efectos enténdese por gastos de reposición ou substitución aqueles que se limiten a substituír unha máquina existente ou parte da mesma por unha máquina nova e moderna sen ampliar a capacidade de produción en máis dun 25% ou introducir cambios fundamentais na natureza da produción ou tecnoloxía correspondente.
- e) Equipamento e materiais non funxibles de segunda man.
- f) En instalación de iluminación pública exterior: a ampliación de puntos de luz, os apoios, as canalizacións, as acometidas e a substitución da rede eléctrica en máis dun 25%.
- g) As obras de mantemento.
- h) As taxas e licenzas administrativas.
- i) Na adquisición de bens e servizos mediante contratos públicos, os pagos efectuados polo contratista á Administración en concepto de taxa de dirección de obra ou control de calidade.
- j) En ningún caso serán subvencionables as instalacións/equipamentos que xa foran obxecto de axuda en anos anteriores.

3. Con carácter xeral, e de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considéranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionable.

Artigo 5. Normas específicas

Para ser subvencionables, todos os proxectos deberán cumprir os requisitos técnicos establecidos a continuación para cada unhas das liñas de axuda:

5.A) Proxectos para a mellora da eficiencia enerxética das instalacións térmicas municipais

1. Os proxectos de aforro e eficiencia enerxética incluídos nesta liña terán que levar asociado o aforro enerxético mínimo do 20% requirido segundo o xa indicado no artigo 3. O citado aforro debe quedar xustificado na memoria técnica e na ficha de consumos a que se fai referencia no artigo 8. Non se considerarán válidos para a xustificación os resultados de experiencias anteriores excepto que se presente a documentación que acredite tales aforros de xeito fidedigno.

2. Co obxectivo de garantir o máximo o aproveitamento enerxético do combustible e minimizar as emisións de substancias contaminantes á atmosfera, os equipos de xeración de calor deberán ter avanzadas prestacións operativas, elevados niveis de eficiencia enerxética e un bo comportamento con respecto ao medio ambiente.

Para este efecto, as instalacións térmicas financiadas deben cumprir cos requisitos establecidos no Real Decreto 1027/2007, de 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Instalacións Térmicas de Edificios (RITE), así como calquera outra normativa nacional, rexional ou local que lles sexa de aplicación.

3. As condicións que deben cumprir estes proxectos dependen dos equipos xeradores de calor que se instalen:

a) Bombas de calor (xeotérmica, e aerotérmica)

No caso das bombas de calor, os equipamentos que se instalen deberán contar cun coeficiente de eficiencia enerxética en modo calefacción (COP) igual ou superior a 3,5, nas condicións establecidas na norma que lles afecte (UNE- EN 14511:2012, UNE-EN 15316:2010, UNE-EN 16147, UNE-EN 14825:2012, etc). Tomaranse como temperaturas de referencia para o cálculo do COP e da potencia 0/35 °C para bombas de calor xeotérmicas e 7/35 °C para aerotérmicas. No caso dos equipamentos que, segundo a normativa específica, deban dispoñer dunha cualificación enerxética, os equipamentos deberán contar cunha cualificación A ou superior (A+, A++...), salvo no caso de equipos acumuladores que será B ou superior.

b) Caldeiras:

As caldeiras con potencia nominal inferior a 400 kW terán, como mínimo, os seguintes rendementos:

Para caldeiras de gas:

- Rendemento a potencia útil nominal (Pn) en kW e a unha temperatura media da auga na caldeira de 70 °C:

$$\eta \geq 90 + 2 \log P_n$$

- Rendemento a carga parcial de 0,3 Pn e a unha temperatura de retorno de auga á caldeira de 30 °C:

$$\eta \geq 97 + \log P_n$$

Para caldeiras de gasóleo:

- Rendemento a potencia útil nominal (Pn) en kW e a unha temperatura media da auga na caldeira de 70 °C:

$$\eta \geq 90 + 2 \log P_n$$

- Rendemento a carga parcial de 0,3 Pn e a unha temperatura media da auga na caldeira ≥ 40 °C:

$$\eta \geq 94$$

As caldeiras con potencia nominal superior a 400 kW, cumprirán cos rendementos mínimos esixidos para as caldeiras de 400 kW.

c) Solar térmica

Considéranse neste apartado as instalacións que aproveitan a radiación solar para o quentamento dun fluído mediante paneis solares planos ou tubos de baleiro, sempre que a súa utilización conduza ao aforro dun combustible convencional.

As instalacións solares destinadas ao apoio á calefacción unicamente serán subvencionables se utilizan emisores de baixa temperatura de deseño (menores de 50° C), como chan radiante, radiadores de baixa temperatura ou ventiloconvectores (*fancoils*).

O coeficiente global de perdas do panel solar deberá ser inferior ou igual a 9 W/(m²°C). Os equipos acumuladores deben dispoñer dunha cualificación enerxética clase B ou superior.

4. O investimento elixible máximo por potencia unitaria (excluído o IVE) estará limitado polas características dos sistemas segundo se amosa a continuación. Adicionalmente, na procura de instalacións de potencia racionais, habilitase á Comisión de Valoración para establecer limitacións da potencia térmica elixible en función da aplicación (por exemplo en función da superficie a climatizar):

a) Xeotermia

Tipoloxía	Características do equipamento	Rango de potencias	Investimento elixible máximo por potencia (€/kW)
A1	Instalacións con bombas de calor xeotérmicas con intercambio enterrado horizontal	$P \leq 10 \text{ kW}$	1.300
		$10 \text{ kW} < P \leq 30 \text{ kW}$	$1.300 - 10 \cdot (P - 10)$
		$30 \text{ kW} < P \leq 100 \text{ kW}$	$1.100 - 2 \cdot (P - 30)$
		$P > 100 \text{ kW}$	960
A2	Instalacións con bombas de calor xeotérmicas con intercambio enterrado vertical	$P \leq 10 \text{ kW}$	1.900
		$10 \text{ kW} < P \leq 30 \text{ kW}$	$1.900 - 25 \cdot (P - 10)$
		$30 \text{ kW} < P \leq 100 \text{ kW}$	$1.400 - 3 \cdot (P - 30)$
		$P > 100 \text{ kW}$	1.190

Onde,

P: potencia térmica útil da bomba de calor (kW), debidamente xustificada coa documentación achegada, tal e como se indica no Artigo 8 (Documentación complementaria).

b) Aerotermia

O investimento elixible máximo será de 600 €/kW para as bombas de calor aire/auga e 400 €/kW para ás aire/aire, sendo avaliada a potencia cos criterios indicados no apartado anterior.

c) Caldeiras de condensación e caldeiras de baixa temperatura

O investimento elixible máximo será de 200 €/kW para as caldeiras de condensación e 150 €/kW para as caldeiras de baixa temperatura.

d) Solar térmica

Segundo a tecnoloxía utilizada, o investimento elixible máximo será o seguinte:

TIPO DE INSTALACIÓN	Investimento elixible máximo
Paneis planos	1.500 euros/kW (*)
Tubos de baleiro	1.000 euros/m ² (**)

(*) A potencia en kW calcularase a partir da superficie útil de captación (de apertura) e da curva de rendemento do panel, con temperatura de entrada 45° C, temperatura ambiente 15° C e 800 W/m² de radiación.

(**) Superficie de apertura

A Comisión de valoración poderá corrixir á baixa os orzamentos presentados se considera que superan o valor de mercado.

Non se admitirán no orzamento partidas a tanto alzado; todas as partidas deberán levar as súas correspondentes medicións.

5.B) Proxectos para a mellora da eficiencia enerxética das instalacións de iluminación nos edificios municipais

1. Os proxectos de aforro e eficiencia enerxética asociados a esta liña terán que levar asociado o aforro enerxético mínimo do 40% requirido segundo o xa indicado no artigo 3. Ese aforro debe quedar xustificado na memoria técnica á que se fai referencia no artigo 8.

2. A instalación de iluminación reformada debe cumprir coa norma UNE-EN 12464-1:2012 “Iluminación dos lugares de traballo. Parte 1: Lugares de traballo en interiores”. Ademais, as instalacións deportivas deberán cumprir a norma UNE-EN 12193:2009 “Iluminación. Iluminación de instalacións deportivas”.

3. Se a instalación está incluída no ámbito de aplicación do Documento HE3 “Eficiencia enerxética das instalacións de iluminación” do Código Técnico da Edificación, a instalación reformada debe cumprir coas esixencias establecidas nel.

4. As instalacións deberán cumprir co establecido no Real decreto 842/2002 polo que se aproba o Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión.
5. A temperatura de cor das lámpadas deberá ser ≤ 4500 K
6. O “investimento elixible máximo”, en función do equipamento instalado, indícase na seguinte táboa. Inclúe o prezo da retirada do equipamento vello e o equipamento novo completamente instalado e funcionado, incluso pequeno material (IVE incluído).

	INVESTIMENTO ELIXIBLE MÁXIMO (€/unidade) IVE incluído
Proxector/Cheminea	2.000
Pantalla fluorescente/LED	900
Regreta estanca fluorescente/LED	360
Downlight fluorescente/LED	450
Detector de presenza	185
Sensor crepuscular	125
Sensor crepuscular + detector de presenza	215
Telexestión/Control consumo	8.000
Reforma do cadro de mando	1.000

A Comisión de valoración poderá corrixir á baixa os orzamentos presentados se considera que superan o valor de mercado.

No orzamento non se admitirán partidas a tanto alzado; todas as partidas deberán levar as súas correspondentes medicións.

5.C) Proxectos para a mellora da eficiencia enerxética das instalacións de iluminación pública exterior dependentes dos concellos

1. Os proxectos de aforro e eficiencia enerxética asociados a esta liña terán que levar asociado o aforro enerxético mínimo do 40% requirido segundo o xa indicado no artigo 3. O dito aforro debe quedar xustificado na memoria técnica a que se fai referencia no artigo 8.

2. A instalación de iluminación deberá cumprir co Real decreto 1890/2008, do 14 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de eficiencia enerxética en instalacións de iluminación exterior e as súas Instrucións técnicas complementarias EA-01 a EA-07, en canto a niveis de iluminación e uniformidade.

3. As instalacións deberán cumprir co Real decreto 842/2002, polo que se aproba o Regulamento electrotécnico de baixa tensión.

4. Ademais, esixiranse os seguintes requisitos técnicos mínimos:

- a) Sistema de prendido por reloxo astronómico.
- b) O conxunto lámpada+equipamento debe ter un rendemento luminoso mínimo de 65 lm/W.
- c) A temperatura de cor deberá ser ≤ 4500 K.
- d) As luminarias novas deberán ser pechadas, con aloxamento de equipamento e que presenten como características mínimas:
 - IP 65 na óptica
 - IK 08
 - FHSinst igual ou inferior ao 1%
- e) Sistema de dobre nivel, independentemente da potencia instalada. A instalación non realizará a redución nas primeiras 4 horas de funcionamento.
- f) A instalación deberá acadar unha cualificación enerxética A ou B conforme o citado Real decreto 1890/2008, do 14 de novembro.
- g) Coa instalación funcionando sen redución, os niveis de iluminación deberán estar entre o rango establecido a continuación:
 - Valor máximo: os niveis máximos de luminancia ou de iluminancia media das instalacións de iluminación non poderán superar en máis dun 20% os niveis medios de referencia establecidos na EA-02.
 - Valor mínimo: os niveis de luminancia ou de iluminancia media das instalacións de iluminación non poderán ser inferiores en máis dun 20% aos niveis medios de referencia establecidos na EA-02.

- h) Os cadros de mando deberán incorporar descargadores de sobretensións transitorias e permanentes (con reconexión automática) conectados á toma de terra, que aseguren que ningún equipo da instalación sexa sometido a unha tensión superior á que poida admitir, co obxecto de evitar avarías. O Nivel de protección (Up) do descargador a instalar no cadro deber ser menor ou igual á tensión que poden soportar os equipos de acordo coa súa categoría. A tensión máxima de servizo permanente (Uc) do descargador será de 275V. Neste senso, será necesario instalar, como mínimo, un descargador Tipo 2 (segundo a definición da UNE-EN 61643-11) no cadro de mando e cadanseu Tipo 3 nas luminarias.
- i) A instalación sempre deberá dispoñer dunha rede de terras que cumpra cos requisitos establecidos no Regulamento electrotécnico de baixa tensión e que permita unha axeitada descarga dos elementos protectores de sobretensión indicados no parágrafo anterior.
- j) Os cadros de medida, mando e protección deberán dispoñer de envolventes adaptadas á regulamentación vixente. Neste senso, os cadros que presenten a súa envolvente e/ou elementos de peche deteriorados, deberán substituírse.

5. Inversións elixibles máximas subvencionables (incluíndo o IVE):

	INVERSIÓN ELIXIBLE MÁXIMA (€/unidade)
Punto de luz	600 €
Sistemas de aforro en cabeceira de liña	8.500 €
Cadro de mando, protección e medida, incluído o reloxo astronómico e o descargador de sobretensións	3.600 €
Reposición de condutor (máx. 25 % da rede total)	500 €/punto de luz

Considerarase punto de luz o formado por luminaria e brazo, lámpada e equipamento auxiliar, sistema de regulación, completamente instalado e conectado incluso retirada dos equipos existentes.

Non se admitirá no orzamento partidas aproximadas; todas as partidas deberán levar as súas correspondentes medicións.

Artigo 6. Compatibilidade das subvencións

1. As subvencións reguladas nestas bases están financiadas con fondos Feader e, polo tanto, serán incompatibles con calquera outra axuda que, para o mesmo proxecto ou finalidade, leve cofinanciamento comunitario, independentemente do fondo de procedencia e a súa tipoloxía (subvención directa, bonificación de xuros, ...).

2. Coa excepción anterior, as subvencións concedidas ao abeiro destas bases reguladoras serán compatibles con outras axudas, subvencións ou recursos destinados á mesma finalidade, tanto de orixe pública como privada. No caso de que o beneficiario sexa unha entidade pública, a intensidade máxima das axudas con fondos públicos non excederá do 100% do importe elixible do proxecto.

3. O incumprimento do disposto neste artigo considerarase unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda, e poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión nos termos previstos no artigo 21 destas bases reguladoras.

Artigo 7. Presentación de solicitudes

1. As solicitudes subscribíranse directamente polo representante legal da entidade local interesada. Dita representación deberase acreditar de xeito fidedigno por calquera medio válido en dereito.

2. O prazo de presentación de solicitudes será o establecido no artigo 3 da resolución de convocatoria.

3. A presentación das solicitudes realizarase unicamente por medios electrónicos a través do formulario electrónico normalizado accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, e na páxina web do Inega, www.inega.es, de conformidade ao establecido nos artigos 27.6 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 24.2 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para o acceso a aplicación de presentación das solicitudes será necesario o número do NIF e o contrasinal determinado polas persoas interesadas.

4. O formulario de solicitude (anexo II) só se poderá cubrir e confirmar acudindo á aplicación informática dispoñible no citados enderezos electrónicos. A súa publicación no Diario Oficial de Galicia faise unicamente a efectos informativos.

5. As coordenadas UTM de situación da instalación deben darse no sistema ETRS89 (sistema de referencia xeodésico oficial en España segundo se establece no R.D. 1071/2007, de 27 de xullo).

6. Non se admitirán a trámite aquelas solicitudes referidas a proxectos que xa se presentaron en convocatorias anteriores para a mesma finalidade e as que lles foi concedida a axuda correspondente, agás que previamente se renuncie a ela.

Artigo 8. Documentación complementaria

1. A documentación complementaria presentarse electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto no artigo 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 22.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

As copias dos documentos gozarán da mesma validez e eficacia que os seus orixinais sempre que exista constancia de que sexan auténticas.

Sempre que se realice a presentación de documentación separadamente da solicitude, a persoa interesada ou representante deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código único de rexistro.

2. A documentación complementaria deberá incluír unha parte administrativa (A) e unha parte técnica (B) que se describe a continuación:

A) Documentación Administrativa

A.1) Con independencia do importe do gasto subvencionable, e na procura da moderación de custos propostos, é obrigatorio presentar tres ofertas da instalación que se pretende levar a cabo.

As ofertas deberán ser comparables desde un punto de vista técnico-económico, correspondendo a instalacións con características similares. No caso de que non se escolla a oferta máis vantaxosa desde un punto de vista económico, deberá estar debidamente xustificada a elección, fundamentándose en criterios técnico-económicos. No caso de que a xustificación non sexa a axeitada, a Comisión de valoración poderá tomar como investimento elixible o orzamento correspondente á oferta máis económica.

Deberá remitirse o contido de cada unha das ofertas, e non se admitirá o certificado, informe, invitacións realizadas ou documento similar indicando que se solicitaron e se tiveron en conta tales ofertas na elección da proposta escollida sen que se concrete o seu alcance.

Non será necesario acreditar as 3 ofertas no suposto de que polas especiais características dos gastos que se subvencionan non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, debendo o beneficiario neste suposto prestar declaración expresa motivada en tal sentido.

Non obstante, as administracións públicas non deberán presentar tres ofertas cando estean obrigadas a tramitar un procedemento de contratación pública dos previstos no artigo 138.2 do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, séndolles de aplicación o previsto no artigo 20.7 das presentes bases no momento da xustificación final.

A.2) Acreditación do nomeamento ou da elección do representante da entidade solicitante.

A.3) Certificado do acordo adoptado polo órgano competente polo que se aproba solicitar a axuda regulada nestas bases, se procede.

A.4) Certificación de que a entidade solicitante remitiu as contas do último exercicio orzamentario a que legalmente está obrigado ao Consello de Contas. Nesta certificación deberá quedar acreditado que a remisión das contas ao Consello de Contas se efectuou antes do vencemento do prazo de presentación de solicitudes, polo que a data de sinatura do certificado implicará que a data de remisión das respectivas contas ao Consello de Contas se efectuou en todo caso nunha data anterior á emisión do certificado.

A.5) Fotocopia do NIF da entidade solicitante, só no caso de denegar expresamente a súa consulta.

A.6). No caso de que o IVE non poda ser repercutido achegárase un informe da Intervención municipal no que se indique que o IVE derivado do gasto que supón executar a/s actuación/s subvencionada/s no termo municipal correspondente non é recuperable.

- a) O IVE nos proxectos promovidos polos concellos considerárase, con carácter xeral, non subvencionable. Para aqueles casos nos que o IVE poida ser subvencionable por non ser recuperable conforme a lexislación vixente será preciso comprobar a xustificación por parte dos beneficiarios de non suxeición ou exención do imposto emitida pola AEAT mediante a presentación da documentación oportuna.

A.7) Fotocopia do DNI ou NIE do representante da entidade solicitante, só no caso de non autorizar a súa consulta.

A.8) Documentación acreditativa da titularidade dos terreos ou inmobles sobre os que se vai executar o proxecto, ou da súa dispoñibilidade durante un período mínimo de cinco anos que permitan concretar a situación do proxecto ou inmovible sobre o terreo (copia simple do título de propiedade, Certificado Catastral, contrato de arrendamento ou cesión de uso mais documento que acredite a titularidade do arrendador ou cedente).

Nos proxectos de iluminación pública será suficiente con presentar copia da última factura de enerxía eléctrica na que figure como titular a entidade solicitante.

A.9). Calquera outra documentación adicional que o interesado considere conveniente para a correcta avaliación do proxecto.

A Sede electrónica ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados dos trámites máis comunmente utilizados na tramitación administrativa, que poderán ser presentados en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

B) Documentación Técnica.

Deberá achegarse a documentación técnica recollida no epígrafe correspondente ao tipo de proxecto:

B.1) Proxectos para a mellora da eficiencia enerxética das instalacións térmicas municipais.

1. Fotografías da instalación actual (.jpg ou .pdf)
2. Memoria técnica do proxecto segundo o modelo dispoñible “Memoria Técnica_TER” na web do Inega (www.inega.es). O incumprimento do contido mínimo desta memoria, poderá dar lugar á inadmisión a trámite da solicitude.
3. Planos de situación das instalacións no establecemento coa distribución e localización dos equipos. Se é o caso, achegaranse planos que inclúan a zona exterior da edificación indicando a zona de captación (.pdf).

4. Características técnicas dos equipos para os que se solicita a axuda, subministradas polo fabricante (catálogo, certificado ou ficha técnica do fabricante) onde se inclúan datos de potencia, rendemento e do seu consumo enerxético (.pdf).
5. Certificado de eficiencia enerxética actual do edificio, no que se inclúa como proposta de mellora a instalación para a que se solicita a axuda, asinado por técnico competente, ou ben, certificado anterior e posterior ao proxecto, de xeito que quede xustificado o aforro que se vai conseguir. Será obrigatorio presentar os arquivos de cálculo do programa utilizado para o cálculo de cada cualificación enerxética.
6. Xustificación documental do consumo enerxético anual das instalacións mediante presentación da copia das facturas (.pdf).
7. Certificados dos rendementos requiridos para os equipos (No caso dos equipamentos que deban dispoñer dunha cualificación enerxética deberase achegar tamén a documentación xustificativa correspondente):

a. Xeotermia e aerotermia.

Certificado do coeficiente de rendemento en modo calefacción (COP) emitido por un laboratorio independente e acreditado para realizar as probas segundo a norma que lles afecte (UNE- EN 14511:2012, UNE-EN 15316:2010, UNE-EN 16147, UNE-EN 14825:2012, etc). Para acreditar este coeficiente, deberá xuntarse a certificación emitida por Eurovent, a EPHA (Asociación Europea da Bomba de calor) ou por un laboratorio de ensaio acreditado para este tipo de ensaios, segundo a normativa vixente. No caso de Eurovent e da EPHA admitirase a impresión da páxina web na que se poden consultar os datos de potencia e COP do propio equipo ou do ensaiado na serie técnica sempre que se acompañe o enlace no que se pode contrastar a información. Tomaranse como temperaturas de referencia para o cálculo do COP e da potencia 0/35 °C para bombas de calor xeotérmicas e 7/35 °C para aerotérmicas.

b.Solar térmica

Resolución de certificación do panel solar (en vigor), emitida pola administración competente. Se na resolución de certificación non se recolle a marca, modelo, superficie de apertura e coeficientes de rendemento do panel, entregarase a maiores copia do ensaio realizado por unha entidade debidamente acreditada (segundo a Orde ITC/71/2007, do 22 de xaneiro, do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio ou, se for o caso, a norma que a substitúa) que serviu de base para a emisión da resolución de certificación.

B.2) Proxectos para a mellora da eficiencia enerxética das instalacións de iluminación nos edificios municipais.

1. Memoria técnica do proxecto segundo modelo “Memoria técnica_ILU” dispoñible na web do Inega (www.inega.es). O incumprimento do contido mínimo desta memoria, poderá dar lugar á inadmisión a trámite da solicitude.
2. Fotografías da instalación actual (.jpg ou pdf).
3. Plano de situación das instalacións no edificio coa distribución dos equipos. En instalacións simples bastará cun plano en planta de localización das zonas a reformar (.pdf).
4. Características técnicas dos equipos para os que se solicita a axuda subministradas polo fabricante (catálogo, certificado ou ficha técnica do fabricante) onde se inclúan datos luminotécnicos e do seu consumo enerxético (.pdf).
5. Estudo de iluminación das zonas a reformar no que se indique o programa de cálculo utilizado para a súa realización co obxecto de xustificar os valores que se indican no artigo 5.B.2. (Em, UGRL, Uo...). Deberán achegarse os ficheiros de cálculo.
6. Para as instalacións de iluminación que estean incluídas no ámbito de aplicación do documento HE3 (Eficiencia enerxética das instalacións de iluminación) do Código Técnico da Edificación: xustificación asinada por un técnico competente de que cumpren coas esixencias establecidas nel. Nos casos nos que a instalación non estea incluída total ou parcialmente no ámbito de aplicación, deberase presentar un escrito xustificativo da súa non inclusión (.pdf).
7. Copia das facturas de electricidade dos últimos 12 meses emitidas pola Compañía subministradora (pdf).

B.3) Proxectos para a mellora da eficiencia enerxética das instalacións de iluminación pública exterior dependentes dos concellos.

1. Memoria técnica ILE en formato .xls dispoñible na páxina web do Inega (www.inega.es).
2. Catálogos das luminarias, equipos de aforro e reloxos astronómicos coas tarifas de prezos do fabricante vixentes para o 2016 (.pdf).
3. Copia dos recibos de enerxía eléctrica dos doce últimos meses (.pdf).
4. Fotografías das instalacións actuais (.jpg ou .pdf).
5. Planos coa distribución da situación proposta e coa localización da instalación dentro do termo municipal (.pdf). Deberá de indicarse a situación de cada un dos puntos de luz e do cadro de mando.

6. Estudo de iluminación das zonas que se van a reformar. Deberán achegarse os ficheiros de cálculo.

Artigo 9. Instrución do Procedemento

1. Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na convocatoria, o Inega requirirá ao interesado para que a emende. Ese requirimento de emenda, así como calquera tipo de notificación ao interesado, realizarase a través de medios electrónicos, de conformidade co establecido na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 22.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. De maneira que cando existindo constancia da posta á disposición da notificación, transcorran 10 días naturais sen que se acceda ao seu contido, entenderase que a notificación foi rexeitada, cos efectos previstos no artigo 59 da Lei 30/1992 de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, salvo que de oficio ou por instancia do destinatario se comprobe a imposibilidade técnica ou material de acceso.

A notificación do requirimento de emenda practicarase do seguinte xeito:

- Enviaráselle ao interesado ao enderezo de correo electrónico que facilita no formulario de solicitude un aviso no que se lle indica a posta a súa disposición da notificación.
- Poderá acceder á citada notificación no taboleiro electrónico, dispoñible na aplicación informática habilitada para estas axudas, co usuario e contrasinal do solicitante, desde a páxina web do Inega (www.inega.es).

A documentación á que se refire a emenda presentarase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.es>) ou da páxina web do Inega (www.inega.es) acudindo á aplicación informática habilitada para estas axudas. Para poder realizala é imprescindible que o solicitante ou o representante legal dispoña de DNI electrónico ou calquera outro certificado dixital expedido pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre (FNMT).

2. Igual requirimento se efectuará no suposto de resultado negativo da consulta efectuada a Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT); Tesouraría Xeral da Seguridade Social (TXSS); consellería competente en materia de economía e facenda; Rexistro Mercantil e outros rexistros públicos.

3. Sen prexuízo do disposto nos parágrafos anteriores deste artigo, poderá requirirse ao solicitante para que achegue aqueles datos, documentos complementarios ou aclaracións que resulten necesarios na tramitación e resolución do procedemento.

4. Logo de revisar as solicitudes e as emendas feitas, os expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria serán remitidos á comisión encargada da súa valoración. Aqueles que non cumpran coas esixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, serán obxecto de resolución de non admisión a trámite ou de denegación, dependendo da circunstancia que conorra en cada caso.

Artigo 10. Non obrigatoriedade de presentar determinada documentación.

Non será necesario que os solicitantes presenten a documentación que xa conste en poder do Inega, sempre que indiquen o código de expediente ou outros datos que permitan localizala e non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento ao que correspondan.

Artigo 11. Consentimentos e autorizacións

1. De conformidade co artigo 17.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puidesen impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. Ademais, de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a presentación da solicitude de axuda leva consigo o consentimento para que os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas, de ser o caso, sexan incluídos e feitos públicos no citado rexistro, que depende da Consellería de Facenda.

3. A presentación da solicitude de concesión de subvención polo interesado comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deberá emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Non obstante, a persoa solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, debendo presentar entón as certificacións nos termos previstos regulamentariamente.

4. A tramitación do procedemento require a incorporación de datos en poder das Administracións públicas. Polo tanto, os modelos de solicitude incluírán autorizacións expresas ao órgano xestor para realizar as comprobacións oportunas que acrediten a veracidade dos datos. No caso de que non se autorice ao órgano xestor para realizar esta operación, deberán achegarse os documentos comprobantes dos datos, nos termos esixidos polas normas reguladoras do procedemento.

5. As solicitudes deberán achegar os documentos ou información previstos nesta norma, salvo que estes xa estivesen en poder da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia; neste caso, as entidades interesadas poderán acollerse ao establecido no artigo 35.f da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sempre que se faga constar a data e o órgano ou a dependencia nos que foron presentados ou, se é o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento ao que correspondan.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa solicitante ou representante a súa presentación, ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

Artigo 12. Beneficiarios

Poderán acceder á condición de beneficiarios as Entidades locais de Galicia.

Non poderán ter a condición de beneficiarias as persoas ou entidades en que conorra algunha das circunstancias previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da citada Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 13. Intensidade da axuda

1. A intensidade da axuda será o 75% do custo elixible do proxecto, sempre e cando non se superen os límites de axuda máxima establecidos nos puntos seguintes.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor do mercado.

2. A contía máxima da axuda por liña de subvención, é dicir, por tipoloxía de proxecto, será de 50.000 € , independentemente do número de solicitudes que o solicitante presente para esa liña de subvención. Así, cando un concello presente varias solicitudes dentro da mesma liña, a axuda acadará o 75% do custo elixible para cada solicitude, cun máximo total de 50.000 € por liña de actuación.

3. Establécese tamén un límite máximo de axuda por concello de 60.000 euros no conxunto das tres liñas/tipoloxías.

Artigo 14. Órganos competentes

1. A Xerencia do Inega será o órgano competente para a instrución do procedemento administrativo de concesión das subvencións, e correspóndelle ao director do Inega ditar as diferentes resolucións que se deriven do citado procedemento.

2. Unha vez revisadas as solicitudes e feitas as emendas, os expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria serán remitidos á comisión encargada da súa valoración. Aqueles que non cumpran coas esixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, serán obxecto de resolución de inadmisión a trámite ou de denegación, dependendo da circunstancia que conorra en cada caso.

Artículo 15. Comisión de valoración e criterios de valoración das solicitudes

A) Comisión de valoración

1. A comisión de valoración será o órgano colexiado encargado de avaliar as solicitudes de acordo cos criterios obxectivos fixados no artigo seguinte, así como de propoñer a concesión ou, se é o caso, a denegación das subvencións aos interesados.

2. A composición da comisión de valoración será a seguinte:

- a) O director do Departamento de Enerxía e Planificación Enerxética.
- b) Un xefe de área do Inega.
- c) Dous técnicos do Inega.

3. No documento co resultado da avaliación que elabore a comisión figurarán de xeito individualizado os solicitantes propostos para obter a subvención, especificándose a puntuación que lles corresponde así como o importe da subvención para cada un deles, ata esgotar o crédito dispoñible nos diferentes tipos de actuacións que se subvencionan.

A puntuación máxima teórica atribuíble a una solicitude será de 100 puntos e a mínima de 0 puntos. Para acceder á subvención o expediente deberá acadar unha puntuación mínima de 30 puntos.

B) Criterios de valoración

1) Porcentaxe de aforro enerxético xustificado polo proxecto: 40%

Neste apartado terase en conta a porcentaxe de aforro no consumo enerxético e a redución adicional de emisións de CO₂ acadadas co proxecto así como a implantación de medidas de contabilización, control e telexestión do consumo de enerxía, valorándose cun máximo de 40 puntos a suma destes subcriterios.

- a) A porcentaxe de aforro respecto ao consumo enerxético das instalacións antes da mellora proposta valorarase a razón de 1 punto por cada 1% de aforro que supere o mínimo esixido nestas bases para cada unha das liñas. O aforro calcularase partindo da situación de consumo inicial e da situación de consumo final (despois do investimento).
- b) Os proxectos que consigan unha redución de emisións de CO₂ adicional á propia conseguida co aforro obterán 2 puntos por cada 1% de redución adicional de emisións de CO₂.
- c) A implantación de medidas de contabilización, control e telexestión do consumo de enerxía asociadas ás actuacións de aforro valorarase con 5 puntos.

2) Rateo aforro enerxético anual/investimento elixible: 20%

Con este criterio pretendese asegurar a máxima eficiencia dos recursos públicos.

Daráselle a puntuación máxima de 20 puntos a aqueles expedientes cun rateo de aforro anual/investimento igual ou superior a 5 kWh/€. Os que teñan un rateo inferior puntuaranse proporcionalmente.

3) Localización xeográfica do proxecto: 40%

Valorarase a localización xeográfica en función do número de habitantes a nivel municipal, dándolle maior puntuación aos proxectos nos concellos con menos poboación

Nº habitantes (H)	Puntuación
$H \leq 10.000$ habitantes	40

10.000 < H ≤ 20.000 habitantes	20
H > 20.000 habitantes	10

Para a avaliación deste criterio utilizarase o último censo de habitantes publicado polo Instituto Galego de Estatística.

Artigo 16. Resolución das solicitudes

1. Elaborada a relación prevista no artigo 15.A.3 destas bases, e sempre con anterioridade á resolución do procedemento, efectuarase o trámite de audiencia, por un prazo de 10 días. Cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polos interesados, prescindirase do trámite de audiencia.

2. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento será o establecido no artigo 4 da resolución de convocatoria.

3. No suposto de ampliación do crédito e ata o límite do crédito dispoñible, estarase ao sinalado no artigo 33.7 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

4. Con carácter xeral, non se enviarán notificacións postais e de conformidade co establecido no artigo 59.6.b) da indicada lei, no caso das resolucións de concesión da subvención poderase substituír a notificación individual pola publicación no *DOG* e na páxina web do Inega. Nesta publicación especificarase a data da convocatoria, o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade da subvención outorgada.

Deberase tamén informar aos beneficiarios de que esta actuación subvencionase con fondos Feader dentro do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (PDR). Medida 7 2 “Actuacións dirixidas á mellora dos servizos básicos e renovación de poboación nas zonas rurais”.

Artigo 17. Aceptación e renuncia

1. Transcorridos 10 días hábiles a partir do seguinte ao da publicación da resolución sen que o interesado comunique expresamente a súa renuncia á subvención, entenderase que a acepta, e desde ese momento adquirirá a condición de beneficiario.

2. No caso de que o beneficiario dunha subvención desexe renunciar á axuda concedida para a súa solicitude, deberá enviar un escrito, polos medios establecidos no artigo 7 das bases segundo o tipo de beneficiario de que se trate, comunicando este feito co fin de proceder ao arquivo do expediente.

No caso de que se comunicase a renuncia, ditarase a correspondente resolución que se notificará ao interesado, de conformidade co procedemento establecido no artigo 9 destas bases reguladoras.

Artigo 18. Obrigas dos beneficiarios

1. Son obrigas dos beneficiarios as establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, en particular, as establecidas nestas bases reguladoras e na resolución de concesión.

2. Cando un beneficiario non poida executar o proxecto deberá renunciar á subvención. A renuncia efectuarase mediante a presentación do anexo III que se xunta a título informativo. Este anexo deberá cubrirse a través da aplicación informática accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, ou ben desde a páxina web do Inega (<http://www.inega.es>).

3. O beneficiario está obrigado a respectar o destino do investimento, polo menos, os cinco (5) anos posteriores á data da resolución de pagamento final, salvo que existan prazos de maior amplitude aplicables no ámbito da Xunta de Galicia para proxectos determinados, caso no que se aplicarán estes.

4. Os bens subvencionados quedarán afectos á actividade subvencionada un mínimo de cinco (5) anos desde a resolución de pagamento final, salvo que existan prazos de maior amplitude aplicables no ámbito da Xunta de Galicia para proxectos determinados, caso no que se aplicarán estes.

5. O beneficiario deberá cumprir as medidas en materia de información e comunicación, sobre o apoio procedente dos fondos FEADER, recollidas no punto 2 da parte 1 do anexo III do Regulamento de execución (UE) 808/2014, da Comisión do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo a axuda ao desenvolvemento rural a través de Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).

Os beneficiarios deben de darlle publicidade á concesión da axuda do seguinte xeito:

a) Se o investimento supera os 50.000 €, mediante unha placa cos logotipos da Administracións que financian o proxecto. O tamaño mínimo da placa será A4 (297x210 mm).

b) Cando o orzamento supere os 100.000 euros, o beneficiario colocará un valo publicitario durante a execución das obras, que non poderá retirar ata a visita de comprobación in situ. Para investimentos superiores a 500.000 euros o valo será permanente.

O 25% do espazo, como mínimo, dos valos e placas estará reservado para destacar a participación da Unión Europea, figurando o logotipo do FEADER e o lema: “Feader: Europa inviste no rural”.

O Inega porá a disposición dos beneficiarios modelos de placa e valo (na súa web).

6. O beneficiario deberá conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, polo menos, durante o período de permanencia dos investimentos e está obrigado a facilitar a información que lle requira o Inega e a someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro dos órganos competentes da administración autonómica, estatal e comunitaria no exercicio das súas funcións.

7. Os beneficiarios estarán obrigados a levar un sistema de contabilidade separado ou ben un código contable axeitado para todas as transaccións relativas ao proxecto subvencionado.

8. Os beneficiarios no marco das medidas de desenvolvemento rural comprometerase a proporcionar á Autoridade de xestión, ós avaliadores designados ou a outros organismos en que dita autoridade delegara a realización deste tipo de tarefas, toda a información necesaria para poder realizar o seguimento e avaliación do programa, en particular en relación co cumprimento de determinados obxectivos e prioridades (artigo 71 do Regulamento (UE) 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro de 2013).

Artigo 19. Prazos de execución das instalacións

1. A execución da instalación deberá respectar a data de inicio establecida no artigo 2.1 do Anexo I destas bases e a data de finalización establecido no artigo 5.

2. Permitirase que o beneficiario subcontrate con terceiros a execución total ou parcial da actuación que se subvenciona nos termos recollidos no artigo 27 e concordantes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 20. Xustificación e pagamento das axudas

1. Os documentos de xustificación deberán presentarse dentro do prazo que lle corresponda ao expediente segundo o establecido no artigo 19, debendo estar, nese momento, os investimentos plenamente realizados, operativos e verificables.

2. Para o cobramento da subvención concedida, o beneficiario deberá presentar toda a documentación que se sinala nos puntos seguintes deste artigo e deberá solicitar o pagamento mediante a presentación do anexo IV, que se xunta a título informativo. Este anexo deberá cubrirse a través da aplicación informática accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.es>), ou ben desde a páxina web do Inega (<http://www.inega.es>).

3. A documentación correspondente á xustificación do investimento realizado presentárase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.es>) ou da páxina web do Inega (www.inega.es).

4. Para xustificar cada un dos gastos realizados achegaranse as facturas ou documentos probatorios de valor equivalente –debidamente desagregadas por conceptos ou unidades de obra-, e os documentos xustificativos que aseguren a efectividade do pagamento.

Considéranse documentos xustificativos do pagamento das facturas os seguintes:

a) Xustificante bancario do pagamento polo beneficiario (transferencia bancaria, xustificante bancario de ingreso de efectivo polo portelo, certificación bancaria), no que conste o número da factura obxecto de pagamento, a identificación da persoa/entidade que realiza o pagamento, que deberá coincidir co beneficiario da axuda, e a identificación do destinatario do pagamento, que deberá coincidir coa persoa, empresa ou entidade que emitiu a factura.

b) Efectos mercantís que permitan o pago aprazado. Neste caso, achegarase copia do efecto mercantil acompañada da documentación bancaria (extracto da conta do beneficiario, documento bancario acreditativo do pago do efecto, etc.) na que conste claramente que o efecto foi efectivamente cargado na conta do beneficiario dentro do prazo de xustificación.

c) Non se admitirán en ningún caso como xustificantes os documentos acreditativos obtidos a través da internet se non están validados pola entidade bancaria ou dispoñen de códigos para a súa verificación por terceiros na sede electrónica da dita entidade bancaria.

d) Tanto a data das facturas como a dos xustificantes de pago deberán estar comprendidas dentro do período de execución dos investimentos, é dicir, a partir do día en que foi presentada a solicitude de axuda e ata aquel en que remate o prazo que lle corresponda á instalación en función dos previstos no artigo 19, sempre co límite da data máxima que figura na resolución de convocatoria, que será a última data posible aínda que polo cómputo lle correspondese unha posterior.

5. Non se admitirán os supostos de autofacturación e, en relación coas empresas ou entidades vinculadas co beneficiario que executasen total ou parcialmente as actuacións subvencionadas, deberán concorrer as dúas circunstancias previstas no artigo 27.7 d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

- a) Que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado.
- b) Que se obteña a pertinente autorización por parte do órgano xestor.

En ningún caso o beneficiario poderá concertar a execución total ou parcial das actividades subvencionadas nos supostos contemplados nas letras a), b) e c) do artigo 27.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6. Non se admitirán pagos en metálico.

7. No caso dunha factura cuxo pago se xustifique mediante varios documentos de pago, cada un destes deberá facer referencia á factura á cal corresponde o pago.

8. Certificación expedida polo órgano competente, na que se acredite que se respectaron os procedementos de contratación pública, así como a dispoñibilidade do expediente para a súa comprobación.

Certificación por parte da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a axuda.

9. Os concellos, para os proxectos de investimentos que promovan, deberán achegar o acordo do órgano municipal competente de aprobación do proxecto nos termos previstos no artigo 198.5 da Lei 9/2002, de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural .

10. Fotografías dos principais equipamentos instalados.

11. Xustificación de ter dado cumprimento ás obrigas establecidas no artigo 18.5 en relación coa publicidade que o beneficiario lle deberá dar ao financiamento do investimento que se subvenciona.

12. Sempre que sexa obrigatorio para a posta en servizo da instalación, esta deberá estar autorizada ou inscrita no rexistro correspondente da consellería competente en materia de industria. No caso de que a instalación non estea definitivamente inscrita no rexistro correspondente dentro do período de xustificación, si deberá terse solicitada a dita inscrición, achegando a solicitude de inscrición con data de presentación no órgano competente dentro do prazo previsto para a xustificación dos investimentos (a partir do día en que se presente a solicitude de axuda e ata aquel en que remate o prazo que lle corresponda á instalación en función dos previstos no artigo 19, sempre co límite da data máxima establecida na resolución de convocatoria).

13. Ademais, en función da tipoloxía do proxecto achegarase:

a) Proxectos para a mellora da eficiencia enerxética das instalacións térmicas municipais.

1. Informe de xustificación TER segundo o modelo dispoñible na páxina web do Inega (www.inega.es).
2. Fotografías que reflectan os cambios realizados nos equipos (antes e despois da substitución), sacadas desde a mesma posición (.jpg ou .pdf).
3. Xustificación de que tras as actuacións a instalación cumpre Real Decreto 1027/2007 polo que se aproba o Regulamento de Instalacións Térmicas nos Edificios (xustificación documental da legalización da nova instalación).
4. Nos proxectos de enerxía xeotérmica o promotor deberá xuntar á xustificación a/s correspondente/s certificación/s de obra do sistema de captación asinada/s por técnico.

b) Proxectos para a mellora da eficiencia enerxética das instalacións de iluminación nos edificios municipais.

1. Informe de xustificación ILU segundo o modelo dispoñible na páxina web do Inega (www.inega.es).
2. Fotografías diferenciadas por zonas da instalación que reflectan os cambios realizados nos equipos de iluminación antes e despois da substitución, sacadas desde a mesma posición (.jpg ou .pdf).

3. Xustificación de que tras as actuacións a instalación cumpre co R.D. 842/2002, polo que se aproba o Regulamento electrotécnico de baixa tensión. Para isto presentárase un certificado de inspección cando así o esixa o regulamento ou, un certificado de verificación segundo os modelos dispoñibles na páxina web do Inega, asinados por un organismo de control acreditado no campo regulamentario, cando a inspección non sexa obrigatoria.
- c) Proxectos para a mellora da eficiencia enerxética das instalacións de iluminación pública exterior dependentes dos concellos.
1. Informe de xustificación ILE segundo o modelo dispoñible na páxina web do Inega (www.inega.es).
 2. Certificado do fabricante das luminarias, indicando no documento o nome da obra, número de equipos, modelo e os datos técnicos dos equipamentos vendidos (IP luminaria, IP óptica, IK, Clase Eléctrica e FHSinst), número de pedido e almacén de venta.
 3. Certificado do fabricante dos equipos de aforro, indicando no documento o nome da obra, número de equipamentos vendidos, modelo, número de pedido e almacén de venta.
 4. Xustificación de que tras as actuacións a instalación cumpre co R.D. 842/2002, polo que se aproba o Regulamento electrotécnico de baixa tensión e co R.D. 1890/2008, polo que se aproba o Regulamento de eficiencia enerxética en instalacións de iluminación exterior. Así:
 - i. Cando as instalacións sexan de potencia ≤ 5 kW, achegaranse certificados de verificación segundo os modelos dispoñibles na páxina web do Inega, asinados por un organismo de control acreditado no campo regulamentario.
 - ii. Cando as instalacións sexan de potencia > 5 kW, achegaranse os certificados de inspección por un organismo de control acreditado no campo regulamentario.
14. O órgano xestor poderalle solicitar ao beneficiario as aclaracións ou informes relativos á xustificación do investimento que considere convenientes. Feito o oportuno requirimento, se transcorrido o prazo concedido para o efecto o beneficiario non os presentase, iniciárase o procedemento de perda de dereito ao cobramento da subvención.

15. Tal e como dispón o artigo 46 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvención de Galicia, cando o órgano administrativo competente para a comprobación da subvención aprecie a existencia de defectos emendables nas xustificacións presentadas polos beneficiarios, porao no seu coñecemento e concederlle un prazo de dez (10) días para a súa corrección.

16. Transcorrido o prazo establecido na convocatoria para a xustificación dos investimentos sen terse presentado esta, requirirase ao beneficiario para que a presente no prazo improrrogable de dez días. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido neste parágrafo comporta a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a esixencia do reintegro e demais responsabilidades que derivan da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 21. Modificación da resolución de concesión da subvención

1. Toda alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da subvención concedida debendo o promotor notificalo a través da aplicación informática accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, ou ben desde a páxina web do Inega (<http://www.inega.es>) mediante a presentación do Anexo V.

En particular, a variación do orzamento aceptado polo Inega e a obtención concorrente de subvencións, axudas ou recursos outorgados por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da subvención concedida. Tamén dará lugar á modificación da subvención a alteración das condicións establecidas na resolución de adxudicación da subvención. Unha vez recaída a resolución de concesión e, en todo caso, cun límite de 20 días hábiles antes da data de finalización do prazo para xustificar o investimento, o beneficiario poderá solicitar a modificación do seu contido.

2. Para a modificación da resolución de concesión non poderán ser tidos en conta requisitos ou circunstancias que debendo concorrer no momento en que se ditou a resolución tiveron lugar con posterioridade a ela.

3. Os beneficiarios terán a obriga de comunicar ó Inega calquera alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión da subvención, achegando tamén toda a documentación técnica requirida na solicitude que se vexa afectada polas modificacións.

4. A modificación poderase autorizar sempre que:

- a) a modificación solicitada non desvirtúe a finalidade da axuda e non supoña incremento do orzamento.

- b) non exista prexuízo a terceiros.
- c) os novos elementos e circunstancias que motivan a modificación, de concorrer na concesión inicial, non supuxeran a denegación da axuda.

Artigo 22. Redución adicional

1. Os pagos calcularanse sobre a base dos importes que se consideren admisibles durante a comprobación efectuada polo Inega.

O Inega examinará a solicitude de pago presentada polo beneficiario e determinará os importes admisibles. Ademais, fixará:

- a) O importe a pagar ao beneficiario en función da solicitude de pago e a decisión de concesión.
- b) O importe a pagar ao beneficiario tras o exame da admisibilidade do custo que figura na solicitude de pago.

Se o importe fixado conforme a letra a) supera o importe fixado conforme a letra b) do mesmo parágrafo en máis dun 10% aplicarase unha sanción administrativa ao importe fixado conforme a letra b). O importe da sanción será igual á diferenza entre eses dous importes, pero non irá máis alá da retirada total da axuda.

2. A sanción administrativa mencionada no apartado 1 aplicarase aos gastos non admisibles detectados durante as comprobacións efectuadas polo Inega. Os custos examinados serán os custos acumulados contraídos con respecto á operación de que se trate. Isto entenderase sen prexuízo dos resultados dos anteriores controis das operacións de que se trate (artigo 63 do Regulamento (UE) 809/2014 da Comisión).

Artigo 23. Datos de carácter persoal

De conformidade coa Lei Orgánica 15/1999, do 13 decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo tratamento e publicación se autoriza polas persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado concesión de subvencións cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Xerencia do Inega. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Xerencia, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Rúa Avelino Pousa Antelo , nº 5, Santiago de Compostela (A Coruña) ou a través dun correo electrónico a inega.info@xunta.es.

Artigo 24. Comprobación de investimentos

As operacións de comprobación dos investimentos, de ser o caso, de acordo co Plan Galego de Controis Feader en vigor, incluírán unha visita in situ para verificar o remate da operación obxecto da solicitude de pago. Os gastos xustificadas deben coincidir cos compromisos adquiridos segundo a resolución de concesión da subvención.

Artigo 25. Moderación de custos

En aplicación do disposto no artigo 30.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e do artigo 48.2.d do Regulamento 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) nº 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, o órgano instrutor poderá comprobar en calquera momento, e particularmente nas fases de instrución e de xustificación, a moderación dos custos ou valor de mercado dos gastos subvencionables e xustificadas mediante a comparación de ofertas comerciais ou de custos de proxectos similares, prezos coñecidos de mercado ou por calquera dos medios previstos no artigo 30.5 da LSG.

Artigo 26. Reintegro da subvención

1.- Procederá o reintegro das contías percibidas indebidamente e a esixencia dos xuros de demora nos supostos previstos no artigo 33.1 da LSG. Estes xuros calcularanse en función do tempo transcorrido entre a finalización do prazo de pago para o beneficiario indicado na orde de recuperación, que non poderá fixarse en máis de 60 días, e a data de reembolso ou dedución (Regulamento (UE) nº 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo).

2. Tendo en conta o artigo 14.1.n da LSG, se o incumprimento concirne ao mantemento do ben, a cantidade a reintegrar será proporcional ao tempo de incumprimento da actividade ou requisito esixido, aplicándose a razón do 3% por cada mes de incumprimento, ata acadar os dous anos, transcorridos os cales deberán reintegrarse a totalidade das cantidades cobradas.

3. O procedemento de reintegro tramitarase nos termos previstos no artigo 77 do Decreto 11/2009.

Artigo 27. Non execución ou xustificación do proxecto

Aqueles beneficiarios da axuda que á data máxima de remate e xustificación da operación prevista no artigo 19 non renunciaron expresamente a ela e non executaran nin xustificaran o proxecto, sen causa debidamente xustificada e comunicada ao Inega, quedarán excluídos das dúas seguintes convocatorias para proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia nas que poidan ser beneficiarios.

Artigo 28. Réxime sancionador

Os beneficiarios das axudas, de ser o caso, estarán suxeitos ao réxime sancionador previsto no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e desenvolto no título VI do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007 e ao disposto no Título V do Regulamento de execución (UE) nº 809/2014 de la comisión, de 17 de xullo de 2014, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) nº 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello.

Artigo 29. Normativa de aplicación

1. Na medida en que as subvencións concedidas ao abeiro destas bases reguladoras están previstas pola UE, rexeranse, entre outras, polas seguintes normas:

- a) Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020, aprobado por Decisión da Comisión C (2015) 8144, do 18 de novembro de 2015.
- b) Regulamento (UE) nº 1305/2013, do Parlamento e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrario de Desenvolvemento Rural (Feader) e polo que se derroga o Regulamento (CE) nº 1698/2005.
- c) Regulamento (CE) nº 1974/2006, da Comisión, do 15 de decembro de 2006, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) nº 1698/2005 relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Feader, modificado polos Regulamentos (CE) nº 1175/2008, do 27 de novembro, 363/2009, do 4 de maio, 482/2009, do 8 de xuño, 108/2010, do 8 de febreiro, e 679/2011, do 14 de xullo, da Comisión.
- d) Regulamento (UE) nº 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire ao sistema integrado de xestión e control, as medidas de desenvolvemento rural e a condicionalidade.
- e) Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

2. Así mesmo, rexeranse pola normativa aplicable ás axudas e subvencións na Comunidade Autónoma, en particular a seguinte:

- a) Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- b) Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- c) Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

- d) Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- e) Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
- f) Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Artigo 30. Réxime de recursos

As resolucións dos procedementos instruídos ao abeiro destas bases esgotan a vía administrativa, e contra elas cabe interpoñer os seguintes recursos:

1. Potestativamente, recurso de reposición ante o director do Inega, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, se a resolución é expresa. Se non o é, o prazo será de tres meses a contar desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.
2. Directamente, recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional competente, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación, se a resolución é expresa. Se non o é, o prazo será de seis meses, contados desde o día seguinte a aquel no que se entenda desestimada a solicitude por silencio administrativo.